



Parmelina tiliacea (Hoffm.) Hale

Este lique (fotos 1) atópase en rochas graníticas cubertas de brións, pero tamén pode medrar nas árbores, preferentemente en zonas expostas.

Talo foliáceo gris claro, máis escuro no centro debido á gran cantidade de isidios (foto 2). Lóbulos redondeados e ondulados nos ápices, con axilas caracteristicamente arredondadas (foto 3). Os isidios son ó principio globosos e escuros, despois vólvense cilíndricos, case sempre simples, coa base da mesma cor do talo e o ápice marrón escuro ou negro (fotos 4, 5). Cara inferior negra e marrón nas marxes con ricinas simples e negras. Apotecios moi raros.

Fotobionte: alga verde.

Reaccións: talo K^+ amarelo, C^- , KC^- médula e $P-C^-$, médula C^+ e KC^+ vermello, K^- , P^-

